



Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refº: actividades animación sociocultural 2012

Asunto: acta mesa contratación (sobre B)

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONCURSO CONVOCADO PARA A PRESTACIÓN INTEGRAL DAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NOS CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS E OUTROS. 2012. Apertura das ofertas económicas.

Sendo as 13:50 horas do día 21 de marzo de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra. Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona Raquel Castiñeira Castelo, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abreira Sobrado, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello de Lugo, dona Ana I. Sáez Mancebo, letrada asesora dos servizos xurídicos do Concello de Lugo e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Asisten tamén o acto don Ignacio Crecente en representación da empresa ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L., e dona Victoria Silvarrey en representación da FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL.

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Secretario da Mesa a informar aos presentes da documentación presentada pola empresa ESTUDIOS TÉCNICOS TOPYSA durante o prazo de subsanación de erros concedido pola mesa de contratación. A empresa aporta escritura pública de elevación a público de acordos sociais referente a ampliación do obxecto social de data 22 de marzo de dous mil doce, esto é catro días posterior ao remate do prazo de presentación de proposicións. Segundo establece a propia Xunta Consultiva de Contratación Administrativa (Informe 18/10, de 24 de novembro): *"A subsanación dun documento con obxecto de conseguir que algún dos licitadores alcance a aptitud para contratar de que non disfrutaban no momento de rematar o prazo para a presentación de proposicións é contrario á lei"*. Durante o prazo concedido, a empresa podería presentar documentación que acreditase a súa capacidade, sempre que tal documentación xa existise no



MURALLA
patrimonio da humanidade

momento en que rematou o prazo de presentación de proposicións, pero non elevar a escritura pública con posterioridade para ampliar o seu obxecto social. Por outra parte, para acreditar a capacidade da persoa xurídica, a escritura pública debería atoparse debidamente inscrita no Rexistro Mercantil (Artigo 72 LCSP).

Os integrantes da mesa acordan polo tanto excluír da licitación á empresa ESTUDIOS TÉCNICOS TOPYSA S.L.

A continuación procédese á apertura das ofertas económicas (sobre B) das empresas admitidas a licitación co seguinte resultado:

1.- FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL, que oferta os seguintes prezos unitarios:

- Propón como prezo para as actividades de ocio e tempo libre incluídas na programación de animación sociocultural 12,71 euros/hora.
- Propón como prezo para a prestación das tarefas de apoio e auxilio complementarias 10 euros/hora.
- Propón como prezo para a prestación das tarefas de atención e dinamización sociocultural 9,40 euros/hora.
- Propón un prezo por excursión de 474,58 euros.

Esta Fundación oferta como melloras sen custo as seguintes horas:

- 300 horas anuais para a realización de actividades de ocio e tempo libre
- 300 horas anuais para actividades de apoio e auxilio complementarias
- 100 horas anuais para o servizo de atención e dinamización sociocultural en fines de semana e festivos

2.- OXEMS SPORTS, S.L.U., que oferta os seguintes prezos unitarios:

- Propón como prezo para as actividades de ocio e tempo libre incluídas na programación de animación sociocultural 13,60 euros/hora.
- Propón como prezo para a prestación das tarefas de apoio e auxilio complementarias 10,50 euros.



Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: actividades animación sociocultural 2012

Asunto: acta mesa contratación (sobre B)

- Propón como prezo para a prestación das tarefas de atención e dinamización sociocultural 9,80 euros/horas.

- Propón un prezo por excursión de 500 euros.

Esta empresa oferta como melloras sen custo as seguintes horas:

- 50 horas anuais para a realización de actividades de ocio e tempo libre
- 10 horas anuais para actividades de apoio e auxilio complementarias
- 50 horas anuais para o servizo de atención e dinamización sociocultural en fines de semana e festivos

3.- ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L., que oferta os seguintes prezos unitarios:

- Propón como prezo para as actividades de ocio e tempo libre incluídas na programación de animación sociocultural 10,30 euros.

- Propón como prezo para a prestación das tarefas de apoio e auxilio complementarias 7,27 euros.

- Propón como prezo para a prestación das tarefas de atención e dinamización sociocultural 7,60 euros.

- Propón un prezo por excursión de 231,48 euros.

Esta empresa oferta como melloras sen custo as seguintes horas:

- 600 horas anuais para a realización de actividades de ocio e tempo libre
- 250 horas anuais para actividades de apoio e auxilio complementarias
- 425 horas anuais para o servizo de atención e dinamización sociocultural en fines de semana e festivos

4.- VIDA LÁCTEA, S.L.U., que oferta os seguintes prezos unitarios:

- Propón como prezo para as actividades de ocio e tempo libre incluídas na programación de animación sociocultural 11,21 euros.



MURALLA
patrimonio da humanidade

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: actividades animación sociocultural 2012

Asunto: acta mesa contratación (sobre B)

- Propón como prezo para a prestación das tarefas de apoio e auxilio complementarias 8,64 euros.
- Propón como prezo para a prestación das tarefas de atención e dinamización sociocultural 8,64 euros.
- Propón un prezo por excursión de 375 euros.

Esta empresa oferta como melloras sen custo as seguintes horas:

- 1.060 horas anuais para a realización de actividades de ocio e tempo libre
- 60 horas anuais para actividades de apoio e auxilio complementarias
- 1.060 horas anuais para o servizo de atención e dinamización sociocultural en fines de semana e festivos.

5.- ESPROADE S.L. SERVICIOS INTEGRADOS, oferta os seguintes prezos unitarios:

- Propón como prezo para as actividades de ocio e tempo libre incluídas na programación de animación sociocultural 13,81 euros.
- Propón como prezo para a prestación das tarefas de apoio e auxilio complementarias 10,95 euros.
- Propón como prezo para a prestación das tarefas de atención e dinamización sociocultural 9,98 euros.
- Propón un prezo por excursión de 527,32 euros.

Esta empresa oferta como melloras sen custo as seguintes horas:

- 10 horas anuais para a realización de actividades de ocio e tempo libre
- 20 horas anuais para actividades de apoio e auxilio complementarias
- 20 horas anuais para o servizo de atención e dinamización sociocultural en fines de semana e festivos.

Á vista das ofertas, os integrantes da mesa de contratación acordan pospoñer ata unha nova reunión da mesa de contratación a realización do cálculo das ofertas anormais ou desproporcionadas, o cálculo das puntuacións obtidas



Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg


Refª: actividades animación sociocultural 2012

Asunto: acta mesa contratación (sobre B)

polas diferentes empresas licitadoras e a realización da proposta de adxudicación do contrato.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:10 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA



Asdo: Sonia Méndez García

O SECRETARIO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz



MURALLA
patrimonio da humanidade